



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2017/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	10 de marzo de 2017
Duración	Desde ás 20:03 ata as 23:46 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
53171075C	EVA, RODRIGUEZ CALVAR	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES, RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA, CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 27 de xaneiro de 2017

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12

En contra: 0

Abstencións: 8

Ausentes: 1

O Sr. Sotelo Villar indica que o seu grupo se vai a abster porque a acta non é fiel reflexo do acontecido na sesión de 27 de xaneiro de 2017.

O Concello Pleno por maioría de votos, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 27 de xaneiro de 2017

2. Expediente 1049/2017. Aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2017

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11

En contra: 8

Abstencións: 2



A Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 03.03.2017, que é como segue:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Formado o Orzamento deste Concello correspondente ao exercicio económico de 2017, así como as súas Bases de execución e cadro de persoal que comprende todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, e no artigo 18 do Real Decreto 500/1990.

Visto o informe de Intervención ao orzamento, de cumprimento do plan de axuste en vigor, e de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Visto o informe económico-financeiro do Concelleiro de Facenda incorporado ao expediente.

Visto que de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira o Concello deberá aprobar o límite máximo de gasto non financeiro, coherente coa regra de gasto e co obxectivo de estabilidade orzamentaria, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos.

En consoancia co anterior, dado que a día de hoxe non consta que o Estado aprobase o límite de gasto non financeiro a aprobar polas Entidades Locais, óptase por aprobar provisionalmente un límite de gasto non financeiro acorde co orzamento a aprobar. Así, tómase o gasto computable previsto de acordo cos parámetros relativos ao cálculo da regra e gasto, engadindo os gastos subvencionados por outras administracións e o importe dos gastos do capítulo III, obtendo un límite de gasto non financeiro de 14.138.779,84 euros.

En consonancia co anterior, presento ao Pleno a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2017, e determinalo na contía de 14.138.779,84 euros, de acordo co prescrito no artigo 30 e concordantes da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en tanto non se aprobe e publique polo Estado o límite de gasto non financeiro para 2017.

Segundo: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2017, que importa a cantidade de 16.178.836,89 euros, presentándose equilibrado, de acordo co seguinte resumo por Capítulos

<i>CAPITULO</i>	<i>PREVISIÓNS INICIAIS 2017</i>	<i>CRÉDITOS INICIAIS 2017</i>
<i>1</i>	<i>6.175.900,00</i>	<i>7.554.245,13</i>
<i>2</i>	<i>190.000,00</i>	<i>3.980.529,87</i>
<i>3</i>	<i>1.398.442,40</i>	<i>215.186,37</i>
<i>4</i>	<i>8.308.994,49</i>	<i>1.099.705,93</i>
<i>5</i>	<i>22.500,00</i>	<i>250.000,00</i>
<i>TOTAL CORRENTE</i>	<i>16.095.836,89</i>	<i>13.099.667,30</i>
<i>6</i>	<i>0,00</i>	<i>872.862,54</i>
<i>7</i>	<i>83.000,00</i>	<i>166.250,00</i>



TOTAL CAPITAL 83.000,00 1.039.112,54

8	0,00	0,00
9	0,00	2.040.057,05
TOTAL FINANCIEROS	0,00	2.040.057,05
TOTAL ORZAMENTO	16.178.836,89	16.178.836,89

Terceiro: Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral

Cuarto: Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar alegacións.

Quinto: Transcorrido este prazo sen presentación de reclamación algunha, considérase definitivamente aprobado dito orzamento; de habelas, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas e proceder á aprobación definitiva dos Orzamentos.”

Así mesmo a Presidencia explica que o PP solicitou un informe de secretaría sobre a legalidade do punto 2º da comisión informativa, que literalmente di:

“Os concelleiros do grupo municipal do partido Popular no Concello de Cangas, ao abeiro do disposto no art. 97/7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa resposta a seguinte SOLICITUDE:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- *As 14:58 horas do xoves día 02/03/2017, fomos notificados vía telemática da convocatoria da Comisión Especial de Contas – Comisión Única a celebrar o día 06/03/2017 as 20:00 horas. Na convocatoria inclúese a orde do día con todos os asuntos a tratar, excepto o correspondente ao punto 2 da orde do día: Proposta de aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Cangas para o exercicio económico 2017, non constando ningún documento de dito asunto.*

Segundo.- *Ao día seguinte 03/03/2017, se persoa no Concello un membro do grupo municipal do Partido popular de Cangas, solicitando acceder ao expediente correspondente ao orzamento xeral do 2017, as 12:30 se lle traslada que dito documento non pode facilitárselle. As 13:47 se nos remite aos concelleiros do Partido Popular por vía telemática 22 arquivos, que constitúen toda a documentación do Orzamento Xeral do 2017.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: *No artigo 134.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico de las Entidades Locais; que versa das regras especiais de funcionamento das comisións informativas se contempla que: “As convocatorias corresponden ao Alcalde ou Presidente da Corporación ou ao Presidente da Comisión e deberán ser notificadas aos membros da Comisión ou, no seu caso, aos grupos municipais cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso,*



se acompañará a orde do día.”

Segundo: *No artigo 84 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico de las Entidades Locais; que versa dos requisitos de celebración das sesións, se contempla que: “Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, votación deberá estar a disposición dos membros da Corporación dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da mesma.”*

Terceiro: *Polo que se refire ao réxime de sesións das comisións informativas, incluída a especial de contas, cabe predicar previsións en canto a súa regularización a través da lexislación básica e lexislación supletoria, e en canto a posibilidade de completar o seu réxime de funcionamento a través do Regulamento Orgánico Municipal (ROM), dentro do marco da lexislación estatal de carácter básico e da posible lexislación autonómica que ao respecto se puidera ditar. A única regulación de funcionamento das Comisións informativas que atopamos na LRBRL (Lei 7/1985), referíndose aos órganos colexiados municipais en xeral, está constituída polo seu artigo 46.1, en canto impón que todos os órganos colexiados das entidades locais funcionen en réxime de sesións ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais urxentes. Remitíndonos neste concreto extremo á lexislación supletoria, constituída polo ROF (Real Decreto 2568/1986), debemos sinalar que este Regulamento parte do principio Xeral de aplicabilidade a estas comisións das disposicións legalmente establecidas en relación co funcionamento do pleno, en todos aqueles aspectos que non se atopen expresamente previstos para as mesmas.*

Cuarto: *Como di a Sentenza do TSJ AND 15620/2003, Sala do Contencioso do 01/12/2003: “O artigo 15 ROF establece, non obstante, o acceso directo en determinados supostos nos que os servizos administrativos deben facilitar a información requirida sen que sexa necesario que o membro da Corporación acredite ter unha autorización: membros da Corporación que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión á información propia da mesma; información e documentación correspondente ós asuntos que teñan que ser tratados polos órganos colexiados de que forman parte, así como as resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal; e información o documentación de la entidade local que sexan de libre acceso para os cidadáns. E deberá terse en conta que o artigo 46.2.b) LRBRL e o artigo 84 ROF dispón que: a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir ao debate e, no seu caso, votación, deberá figurar a disposición dos Concelleiros ou Deputados, desde el mesmo día de la convocatoria, na Secretaría de la Corporación... Que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesal de contra os Acordos adoptados polo Pleno do Concello de ...na sesión extraordinaria celebrada o ..., en relación a los puntos 3,5,7 y 8 da orde do día; e, en consecuencia, se anulan os actos impugnados por ter vulnerado o art. 23.1 CE.”*

CONCLUSIÓNS

Tendo en conta os feitos acaecidos os días 2 e 3 de marzo, e analizando os fundamentos de dereito incluídos neste escrito, consideramos que existen irregularidades manifestas na convocatoria realizada o día 02/03/2017, respecto do punto 2º da orde do día “Proposta de aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Cangas para o exercicio económico 2017”.

Por todo anterior solicitamos:



A elaboración dun informe xurídico onde contemple en todo o seu contido a legalidade da convocatoria realizada o día 02/03/2017 para a Comisión Especial de Contas – Comisión Única respecto do 2º punto da orde do día.”

Dase conta do informe emitido por secretaría en data 10 de marzo, que literalmente dí:

“Solicitado informe a esta secretaría polos membros do grupo municipal do Partido Popular en data 10 de marzo de 2017 (Rexistro núm. 2017-E-RPLN-1) en relación á legalidade da convocatoria da Comisión Informativa Única realizada o día 2 de marzo de 2017 respecto do punto 2º da orde do día (aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cangas para o exercicio económico 2017) e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

- *Resolución do Presidente Delegado da Comisión Informativa Única de data 2 de marzo de 2017 de convocatoria da sesión ordinaria da Comisión Informativa Única, incluíndo no punto 2º a proposta de aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cangas para o exercicio económico 2017.*
- *En data 2 de marzo de 2017 constan en Secretaría a totalidade dos expedientes incluídos na orde do día da Comisión Informativa Única a excepción do expediente para a aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cangas.*
- *O expediente completo do orzamento xeral do Concello de Cangas para o exercicio económico 2017 foi entregado en Secretaría o 3 de marzo de 2017 e foi posto a disposición dos membros da Comisión Informativa Única nesa mesma data.*
- *En data 6 de marzo celebrouse a sesión ordinaria da Comisión Informativa, sendo sometido a ditame o expediente de aprobación do orzamento municipal para o exercicio económico 2017.*
- *Na mesma sesión foi presentado escrito asinado por catro membros da Comisión Informativa solicitando informe de legalidade da convocatoria da convocatoria da Comisión Informativa Única realizada o día 2 de marzo de 2017 respecto do punto 2º da orde do día.*

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- *Constitución española de 1978*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)*



TERCEIRO. *De conformidade co disposto na a letra b, do apartado 2º do art. 46 LRBRL “A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, no seu caso, votación, deberá figurar a disposición dos Concelleiros ou Deputados, desde o mesmo día da convocatoria, na Secretaría da Corporación”*

No mesmo sentido, o art. 84 ROF dispón que “Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, votación deberá estar a disposición dos membros da Corporación desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría da mesma.”

Tal e como se sinala nos antecedentes do presente informe, o expediente para a aprobación inicial do orzamento municipal para 2017 non estivo a disposición dos membros da Comisión Informativa desde o mesmo día da convocatoria se non desde o día seguinte.

O incumprimento da posta a disposición dos membros da Comisión Informativa Única da documentación correspondente á aprobación inicial do orzamento municipal coa antelación debida (desde o mesmo día da convocatoria) podería entenderse como a vulneración dunha regra esencial para a formación da vontade do órgano colexiado o que implicaría a nulidade de pleno dereito do ditame emitido pola Comisión Informativa celebrada o 6 de marzo, de conformidade co artigo 47.1.e) da LPAC.

CONCLUSIÓN

En atención ao exposto esta secretaría considera que se debe retrotraer o procedemento de aprobación inicial do orzamento municipal para 2017, convocando unha nova comisión informativa para ditaminar o expediente.

En caso contrario e estando o expediente xa incluído na orde do día da sesión ordinaria de pleno de 10 de marzo, o asunto debería ser tratado na sesión plenaria coma non ditaminado pola Comisión Informativa, sendo necesario que se ratifique a súa inclusión na orde do día nos termos establecidos no artigo 82.3 do ROF, que literalmente di: “O Alcalde ou Presidente, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou proposta dalgún dos portavoces, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: *considera urxente a necesidade de aprobar os orzamentos municipais dado que é o documento que permitirá ao concello actuar durante o 2017 e realizar os investimentos e prestar os servizos previstos neste, parte de tales servizós así coma os investimentos non se poderán levar a cabo de non aprobarse os orzamentos posto que non están previstos no*



presuposto prorrogado actual.

Sr. Millán Blanco: fai referencia ás recomendacións do informe de secretaría e considera que é un disparate tratar un orzamento sin ditaminar e tendo que incluílo como urxente na orde do día. Cre que non se pode ter tan pouco rigor á hora de convocar unha sesión para tratar un asunto tan importante coma os orzamentos municipais e indica que é a primeira vez que se vai debater por urxencia o orzamento municipal.

Lembra que na comisión informativa non asistiu o Concelleiro de Facenda, polo que non houbo quen explicara e defenderá politicamente o orzamento municipal. Si houbo unha explicación técnica por parte do interventor, pero non unha explicación política.

Sr. Alcalde: di que entende que ao PP lle interesa dilatar ao máximo posible a aprobación do orzamento e está a xogar con iso. Lembra que na xunta de portavoces o Sr. Alcalde explicou que o documento do orzamento se pechara esa mesma mañá tras a reunión coa representación sindical, polo que o Interventor necesitaba tempo para emitir o seu informe e entregar o expediente completo aos grupos, indicando que a documentación sería entregada ao día seguinte como así se fixo e co que os portavoces estiveron de acordo.

Ratificación da inclusión na orde do día: de conformidade co sinalado no art. 82.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, cos votos a favor do concelleiros/as presentes dos grupos municipais ACE, ASPUN, BNG E PSOE e os votos en contra dos concelleiros/as presentes do PP, acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Sr. Abalo Costa: explica o contido do orzamento municipal que cumpre con todas as esixencias legalmente establecidas en canto a equilibrio de gastos e ingresos, teito de gasto e período medio de pago, di que unicamente están pendentes do remanente de tesourería, que se espera que sexa moi favorable igual que o último ano. Suliña un aspecto esencial que é o feito de que se prevexan as partidas necesarias para que as diferentes áreas poidan cubrir as súas demandas, de forma que, pese as limitacións impostas desde o Ministerio de Facenda, se poderá dar resposta ás necesidades das diferentes áreas. Espera que o equipo de goberno sexa quen de executar de forma rápida e eficaz as previsións orzamentarias.

Sr. Iglesias Santos: di que o orzamento foi recibido con pouco tempo para estudar o expediente. Pregunta se se garante que se realizarán os ingresos previstos de dezaseis millóns de euros, lembra que o interventor na comisión informativa respostou que si, pero a liquidación de 2016 ten trece millóns en concepto de ingresos, polo que se pregunta de onde van saír uns ingresos de dezaseis millóns. Gostaría saber de onde van saír eses tres millóns de euros de diferenza.

O Sr. Interventor resposta que é moi posible que si se ingresen os dezaseis millóns de euros previstos no orzamento de ingresos, pero as cifras que manexa o Sr. Iglesias Santos son de ingresos correntes, non ten en conta os ingresos de capital. Indica que o avance da liquidación que se une ao orzamento indica que a previsión de ingresos é de máis de quince millóns, polo que da combinación de todos eses datos resulta o orzamento de ingresos.

Sr. Iglesias Santos: pide que se explique de donde saen eses 3 millóns na medida en que van a



saír dos bolsillos dos cidadáns, se se vai subir o IBI, o imposto sobre vehículos ou que medidas preveen para incrementar estes ingresos.

Sr. Alcalde: resposta que este equipo de goberno non subiu a día de hoxe ningún imposto municipal.

Sr. Millán Blanco: cre que o Sr. Alcalde toma a cachondeo o procedemento administrativo, considera que se púdo celebrar unha comisión extraordinaria urxente para ditaminar o orzamento municipal mantendo a data do pleno e traéndoo debidamente ditaminado. Cre que traer a pleno o expediente do orzamento por urxenica é unha falta de talante democrático. Lembra que o Sr. Alcalde declarou, tras a modificación inicial da ordenanza fiscal do ciclo da auga que retrasaría a entrega de documentación á oposición o máximo posible para evitar a alarma social.

Sr. Alcalde: di que lle traia a publicación donde aparecen esa declaración.

Sr. Millán Blanco: di que despois de varios anos rebaixando o gasto corrente na lexislatura paaa e sen deixar de prestar todos os servizos municipais, levando un contro no gasto poi rigoroso, ponse de manifestó agora que hai unha suba do gasto corrente do 2015 ao 2017 de máis dun millón de euros, sen terse prestado ningún novo servizo.

En canto a Sogama no 2016 a previsión de gasto era de oitocentos de euros e agora no 2017 prevese unicamente setecentos dez millón de euros, cando a liquidación pon de manifesrto que se vai a gastar moito máis.

Para festexos pasa algo similar, a partida pasou dunha previsión de setenta mil a a un gasto de cen mil de euros, segundo os datos de gasto en 2016 e para o 2017 a previsión de unicamente de trinta e sete mil euros.

En canto a ingresos hai un incremento de considerable en relación ao IBI, que é un dos elementos principais do incremento do orzamento de ingresos. Se de verdade o concello está implicado na solución do problema derivado do cobro dos recibos de IBI, pide que se busquen solución antes de que se emitan tales recibos.

Pregunta a diferenza de previsión en materia de imposto de vehículos, xa que na comisión informativa o interventor dixo que el manexou os datos facilitados polo ORAL cando este organismo non xestiona a recadación do imposto desde fai tres anos.

Sr. Alcalde resposta que o ORAL segue e xestionar a recadación en período executivo.

Incidencias:

Cando son as 20 horas e 30 minutos, incorpórase ao Salón de Sesións o concelleiro Sr. Gestido Porto.

Sr. Interventor: di que eses datos derívanse dos ingresos de 2016 que é un pouquiño máis dun millón de euros.

Sr Millán Blanco: di que os datos a 31 de decembro eran de 1.350.000 euros.

Sr. Gestido Porto: manifesta que lle parece vergoñoso que se estea a debatir un orzamento que foi entregado con retraso respecto da data de celebración da Comisión Informativa, comisión



onde o concelleiro de Facenda tivo a chulería de non asistir. Indica que non é tolerable traer o orzamento nun pleno con quince puntos na orde do día. Di que por todo isto se absterá na votación.

Sr. Abalo Costa: di que o interventor non está ao servizo exclusivo do equipo de goberno, senón de toda a corporación e se lle puideron facer todas as aclaracións que se considerasen necesarias non seu despacho ao longo desta última semana.

Indica que os número son inapelables e figuran explicados no expediente de forma rigorosa. En todo caso o presuposto é unha previsión polo que efectivamente a realidade pode variar, pero os cálculos se fixeron de forma responsable en base aos datos económicos debidamente contrastados.

Quere deixar claro que a rebaixa nas previsións de gasto das diferentes áreas citadas polo Sr. Millán baséanse en datos debidamente xustificadas e invita aos concelleiros responsables de tales áreas a que o expliquen se o consideran conveniente.

Aclara que non asistíu á comisión informativa porque el non é membro titular do órgano e que todas as explicacións que a oposición necesitou en canto aos datos orzamentarios lles foron aclaradas polo interventor.

Sr. Iglesias Santos: di que os ingresos baséanse en impostos sobre o capital, uso privativo do dominio público e ingresos procedentes doutras administración. Pregunta en qué se van gastar estes dezaseis millóns de euros. Lembra que leva máis de un ano pedindo que as concellerías elaboren un documento que explique en qué vai gastar cada área, para saber que servizos van recibir os veciños.

O gasto irá principalmente á débeda pública, asistencia social, protección civil, etc..., pero todo isto require unha explicación máis detallada para saber cales son os plans das diferentes concellerías especialmente respecto as partidas de gasto máis elevadas.

Sr. Millán Blanco: di que non se lle aclarou a dúbida presentada respecto das previsións do imposto de vehículos de tracción mecánica, polo que non é certo o que di o Sr. Abalo Costa, de que as previsións orzamentarias son creíbles.

Cre que as críticas á xestión económica do goberno anterior non son creíbles cando o anterior goberno deixou un remanente de tesourería de menos de un millón de euros, fronte ao remanente que existía catro anos antes (7 millóns). O período medio de pago no primeiro trimestre de 2015 foi o máis baixo da historia de Cangas e o teito de gasto presentado polo actual goberno foi incumplido.

Indica que as inversións son moito inferiores ás presupostadas co goberno anterior e iso que o orzamento e máis elevado.

Fai referencia á inversión da obra do Hío, cando tal inversión está prevista dentro do contrato de concesión da auga e debería ser executada por Aqualia e non cos fondos do concello. Ten claro que este orzamento vai requirir numerosas transferencias e modificacións presupostarias.

Sr. Abalo Costa: cre que o Sr. Iglesias Santos ten razón no seu pedimento de que polas concellerías se explique mellor en qué pretenden realizar o gasto e acepta a súa suxestión.



Explica que o incremento de ingresos derivados do imposto de vehículos de tracción mecánica derivase da maior capacidade de xestión, pero sen prexuízo de que estas previsións non se cumpran e que se deban corrixir de ser o caso.

Respecto da débeda, todos os grupos municipais teñen a súa cota de responsabilidade e o PP tamén. Lembra por exemplo o problema do convenio de Promalar do que deriva unha débeda de un millón de euros. Repite que o goberno é responsable e respectou a auditoría realizada pola interventora anterior, respectando as obrigas de contención do gasto desde que chegaron no 2015.

Sinala que o goberno non lle vai facer a Aqualia as obras ás que está obrigada polo seu contrato.

Sr. Hermelo Álvarez: di que apoiará o orzamento, cre que se melloraron moitos aspectos se ben cre que hai que seguir traballando para que sexan máis transparentes de cara á cidadanía, fomentando máis a participación vecinal, e garantindo a transversalidade. Fai autocrítica polo feito de que se traian a aprobación no mes de marzo, polo que espera que o orzamento 2018 se aprobé en prazo.

Indica que é esencial a aprobación dunha RPT entre outros aspectos para regular de forma rigorosa o computo de produtividade, presupostado en noventa e cinco mil euros.

Sra. Giráldez Santos: di que apoiarán os orzamentos, reconece que chegan tarde e está de acordo co Sr. Hermelo Álvarez na necesidade de fomentar maior participación da cidadanía e maior transparencia. Fai unha explicación dalgunha das partidas de gasto contempladas na súa área coma alugueres, material de limpeza ou persoal. Cre que o desglose por partidas deixa claro a que se vai destinar o gasto dento da súa área, sen prexuízo de que haxa imprevistos puntuais. Di que van ser responsables e a respectar as previsións presupostarias.

Sr. Gestido Porto: di que se o Sr. Abalo Costa ten tan claro que non é necesaria a súa presenza na comisión informativa porque estivo o Sr. Interventor, aclara que o interventor e un técnico que non fala de xestión política. Se o concelleiro de Facenda considera que a súa presenza non é necesaria nunha comisión informativa dos orzamentos sería mellor que marchara.

Cre que os orzamentos deberon debatirse nun pleno dedicado en exclusiva a este asunto e non nun pleno con 15 puntos máis.

Sr. Abalo Costa: comprométese a presentar os aproximadamente orzamentos no mes de decembro.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Abstencións: 2 (1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente.



3. Expediente 1011/2017. Disolución Fundación Cangas Deporte

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12

En contra: 9

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 02.03.2017 relativa a disolución da Fundación Cangas Deporte, que é como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Cangas conta, creada ao amparo das previsións contidas no artigo 85.3b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, no artigo 85 do Regulamento de servizos das corporacións locais, vixente a este respecto segundo a Disposición Final 1ª f) da devandita Lei, e no artigo 145 da Lei 39/1988, Reguladora das facendas locais, cun Organismo Autónomo Local de carácter administrativo, que se denomina Fundación Deportiva e Cultural Municipal do Concello de Cangas.

O apartado 2 da Disposición Adicional Novena da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local contempla a disolución automática das entidades directamente dependentes das Entidades Locais que se atopasen en situación de desequilibrio financeiro, ben mediante acordo da propia Entidade Local, ou ben mediante a disolución automática por efecto da propia Lei en caso de que non se producise a disolución antes do 01 de decembro de 2015.

Transcorrido o período determinado pola Lei para a disolución do Organismo sen que éste se tivese producido, mediante requirimento do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de data 12 de xullo de 2016, interésase do Concello información respecto das accións levadas a cabo para a extinción das entidades dependentes.

O artigo 9.1 dos Estatutos da Fundación establecen que “ O Ilmo. Concello Pleno poderá modificar ou derogar os presentes Estatutos, así como acordar a disolución da Fundación, e neste caso que será de aplicación o previsto no artigo 6.12.”

Establecendo o artigo 6.12 que “ No caso de disolución da Fundación, reverterán ao Ilmo. Concello de Cangas o patrimonio con todos os seus incrementos e as achegas que figuren no activo.”

En vista de canto antecede,

PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar a disolución do Organismo Autónomo de carácter administrativo local Fundación Deportiva e Cultural Municipal do Concello de Cangas. A disolución levará*



aparellada a asunción por parte do Concello do persoal e do patrimonio pertencentes á Fundación.

SEGUNDO: Publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para o seu xeral coñecemento.

TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Facenda, Secretaría Xeral e Coordinación Autonómica e Local, para os efectos oportunos.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Chillón Iglesias: explica o contido da proposta de Alcaldía e do informe de intervención. Sinala que este asunto deriva dun requirimento do Ministerio de Facenda de xullo do 2016 de disolución deste organismo por atoparse en situación de desequilibrio. Dá lectura aos puntos de acordo. Indica que o consello reitor de deporte constituirase coma órgano municipal, polo que manterá a súa vixencia unha vez se realicen os trámites necesarios para a súa constitución. Aclara que a xestión deportiva non se verá prexudicada nin alterada pola disolución deste organismo autónomo.

Sr. Gestido Porto: considera que o enterramento deste organismo autónomo supón a desaparición do maior motor de apoio e impulso do deporte cangués. Cre que o actual goberno tivo oportunidade de recuperar este organismo autónomo para evitar a súa desaparición se tiveran traballando niso durante os sete primeiros meses do seu goberno. Considera que Sr. Chillón Iglesias e outros concelleiros do seu equipo de goberno son responsables da desaparición deste organismo, prexudicando as aportacións e apoios ao deporte cangués. Cre que o Sr. Chillón Iglesias ten que cumprir un compromiso de goberno e se está equivocando. Está seguro que o goberno sabía desde fai moito que o organismo autónomo ía desaparecer e o colaron ata agora.

Sr. Alcalde: di que se cando o Sr. Gestido Porto xestionaba a área de deporte ese organismo tiña suficiencia financeira daríalle a razón a todo o que dixo. Explica que hai unha lei estatal que obriga á desaparición deste organismo por non ter suficiencia financeira. Aclara que non pacto de goberno non se incluíu a desaparición deste organismo autónomo.

Sr Iglesias Santos: di que votará a favor, non ten dúbida de que este tipo de organismos non son imprescindibles para o apoio e mantemento do deporte.

Sr. Millán Blanco: lembra que o organismo autónomo Cangas Deporte existe dede 2004. Pregunta se houbo intentos de evitar a disolución deste organismo ante o Ministerio de Facenda. Di que o goberno anterior non tivo coñecemento desta esixencia e por iso non se adoptaron medidas de plan de axustes. Cre que o goberno síntese aliviado coa desaparición deste organismo pese a que iso impedirá a aportación económica de empresas privadas; xa que de feito tales aportacións no último ano eran inexistentes. Cre que se está prexudicando o fomento de deporte a través de patrocinios privados.

Sr. Chillón Iglesias: considera que se abre unha nova etapa na xestión do deporte municipal. Lembra que se está a falar dunha lei de 2013 aprobada polo Partido Popular, que establece a obriga de disolución o 1 de decembro de 2015. Cre que a fundación fixo un labor moi importante como a partir de agora o fará o consello reitor do deporte. Considera que non se pecha a porta á colaboración de entidades privadas como tamén se fai noutras áreas como en cultura, onde tampouco existe ningún organismo autónomo. Di que as dúas entidades que



colaboraban cando eles chegaron ao goberno seguen colaborando na área de deporte a día de hoxe.

Sr. Millán Blanco: di que a lei considera que os concellos e os organismos autónomos teñen a capacidade de presentar un plan económico-financeiro para evitar a súa disolución. Por que non se fixo tal plan económico-financeiro? Di que no 2016 non houbo ningunha aportación de entidades privadas segundo a liquidación provisional aportada co orzamento para 2017.

Sr. Iglesias Santos: pide que o Sr. Chillón Iglesias presente unha planificación da área deportiva principalmente para beneficio e tranquilidade dos clubs e entidades deportivas.

Sr. Gestido Porto: di que o Organismo Autónomo Cangas Deporte naceu para facilitar as aportacións de empresas privadas ao deporte. A partir de agora esas anotacións irán parar á caixa única municipal e destinaranse a calquera gasto do concello. Cre que é moi difícil que os clubs de base se manteñan sen este organismo, o terán moi difícil. Cre que o actual goberno puido actuar antes do 1 de decembro de 2015 e evitar a disolución do organismo autónomo.

Sr. Iglesias Santos: di que á vista do balance de situación a 2016 deste organismo autónomo, está claro que é necesaria a disolución desta entidade.

Sr. Chillón Iglesias: pide máis humildade e menos soberbia ao Sr. Gestido Porto. Di que a fundación cumpríu unha función e así se lle recoñece e agora empeza unha nova etapa. Lembra que tanto en Bueu como en Pontevedra disolveron o organismo autónomo de deportes con apoio de case todos os grupos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE)

Votos en contra: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente.

4. Expediente 24/2017. Contrato de Servizos por Procedemento Aberto, Oferta Economicamente máis Vantaxosa, Varios Criterios de Adxudicación Regulación Harmonizada

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 11,

En contra: 0,

Abstencións: 10,

Ausentes: 0

Incidencias:

Cando son as 21 horas e 46 minutos, abandona o Salón de Sesións o Sr. Alcalde exercendo a



Presidencia a primeira tenente de alcalde, Sra. Giráldez Santos.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do día 02.03.2017, relativa ao contrato de Servizos por Procedemento Aberto, Oferta economicamente máis vantaxosa, Varios Criterios de Adxudicación Regulación Harmonizada, que é como segue:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto que desde a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade emitiuse proposta o 11.10.2016 sobre a necesidade de iniciar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.

Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 17.10.2016 acordou aprobar a sinalada proposta e iniciar o expediente de licitación para a adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar.

Visto que de acordo co disposto no artigo 2.1.9) da Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública da Directiva 2014/24/UE, se considera que é un contrato suxeito a regulación harmonizada, e estímase que o procedemento máis axeitado para a súa adxudicación é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

Visto que consta no expediente informe do director do centro municipal de benestar social, de data 30 de xaneiro de 2017 relativo ao número de horas de prestación do servizo.

Visto que con data 5 de abril de 2016 emitiuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que con data 17 de febreiro de 2017 emitíuse Informe por Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Redactado e incorporado ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas, que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 2 de marzo de 2017, realizouse polo Interventor a retención de crédito oportuna e se emitíu informe de fiscalización do expediente.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o Informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada,



mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de axuda no fogar, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 480.000 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada para a anualidade 2017, con cargo á aplicación 231/22799 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2016 prorrogado para 2017.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de servizo de axuda no fogar, suxeito a regulación harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO. Publicar no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

QUINTO. Publicar os pregos de contratación no Perfil de Contratante a partir da data de publicación do anuncio no Diario Oficial da Unión Europea.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Hermelo Álvarez: explica o contido do expediente e a proposta que se trae ao pleno. Fai unha exposición sobre o número de usuarios e o número de horas de prestación do servizo, indicando que se amplía o servizo e se melloran algún aspectos na súa prestación a través do prego.

Sr. Iglesias Santos: pregunta de cantos usuarios se está a falar. Indica que os gastos presupostarios para persoal é de 996.000 euros e en gastos correntes e servizos 545.000 euros o cal suma unha cantidade moi elevada dentro do total do orzamento municipal en servizos sociais, xa que sobrepasa o millón de euros. Non dubida que os cartos estean ben gastados, pero querría saber a cantas persoas van destinados este recursos. Lembra que estas competencias corresponden principalmente á Xunta e logo ao Estado.

Incidencias:

Cando son as 21 horas e 51 minutos, incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

Cre que para facer fronte a esta proposta serían necesarias máis explicacións.

Sr. Millán Blanco: reconece a necesidade e importancia deste servizo, que require unha estabilidade económica e de aí que se contrate o servizo por varios anos, pero cre que contratar este servizo por tres anos máis tres prórrogas de un ano considera que é excesivo. Solicita que se varíe o prazo a dous anos de contrato máis un de prórroga. Así o próximo goberno tería máis posibilidades de volver a licitar este contrato. Sinala que a tramitación deste expediente vai ser longa, polo que é necesario que se cumpran todas as garantías xurídicas, algo que non parece cumprir o punto 2º da proposta que entra en contradición co informe de intervención, xa que non entraron en vigor os orzamentos 2017, polo que a intervención non pode reter crédito polo total do custo do contrato para 2017. Di que os pregos son moi densos e non houbo tempo de estudialos debidamente. Sinala que se van abster polo problema da retención de crédito. Pide que se rectifique esa cuestión para evitar poñer en perigo a tramitación deste expediente.



Sr. Gestido Porto: considera necesario o servizo, pero se vai abster porque non tivo tempo suficiente para analizar o expediente.

Sr. Abalo Costa: di que un servizo deste alcance debería ser xestionado e financiado directamente pola Xunta. Considera necesario licitar o servizo para garantir a súa prestación nas mellores condicións posibles.

Sr. Hermelo Álvarez: indica que no prego utiliza o número de horas coma criterio para calcular o importe do contrato, non se utiliza o número de usuarios porque é un número variable, a data de hoxe oscila entre os 110 e 120 usuarios. Sinala que a ampliación do número de horas do servizo implica que o concello asume unha contía de financiamento moi elevado, o cal supón un esforzo moi grande que outros concellos non asumiron.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN")

Votos en contra: 10 (8dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente.

5. Expediente 1099/2017. Moción Cangas Decide reprobación Concelleiro de Mocidade

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 1

En contra: 12

Abstencións: 8

Ausentes: 0

Dáse conta do dictame desfavorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, presentada o día 01.02.2017, relativa á reprobación do concellerio de Mocidade, que é como segue:

“D. José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE.

*presentan para seu debate no Pleno a seguinte **MOCIÓN DE REPROBACION:***

Un concelleiro con causa pendente na Audiencia Nacional por incitar ao odio dende as redes sociais e con denuncias por parte da Policía Local por desobediencia, falta de respecto a autoridade e facer caso omiso aos seus requerimentos, está desacreditado para liderar calquera concellería dun Concello, máis aínda, cando esta é a concellería de xuventude e voluntariado, pois o seu comportamento e de todo menos exemplarizante ante o colectivo para o que ten que traballar e o cal representa. Neste punto, e en canto o seu traballo, tamén temos que denunciar a súa conducta, xa que leva 18 meses sen que se lle coñeza traballo ou actividade ningunha.



Pedímosllo a todos os concelleiros da Corporación, porque Cangas merece concelleiros que traballen e representen dignamente aos veciños, sexa cal sexa o partido ao que pertezan e este non é o caso de D. Andrés García Bastón.

E polo que presentamos para seu debate no Pleno as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

1.- Reprobación pública polo seu comportamento antisocial, pola súa desobediencia a autoridade, polo nulo respecto que ten este concelleiro polo seus veciños aos que non deixa descansar e molesta continuamente.

2.- O cesamento nas súas funcións de concelleiro de xuventude e voluntariado polo escaso ou nulo nivel de compromiso no desempeño do seu traballo.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: di que lamenta traer a Pleno este asunto, pero a realidade é que hai un concelleiro con causas pendentes ante a Audicencia Nacional, e que está a manifestar unha enorme falta de respecto ante a Policía Local, desobedecendo á autoridade e prexudicando aos veciños co seu comportamento e co seu negocio.

Sr. Alcalde: di que o pleno non ten competencia para cesar a ningún concelleiro, polo que isto sería un rogo. Explica que o concelleiro ten un local, e houbo unhas denuncias veciñais por ese local, e se lle está a tramitar o correspondente expediente coma a calquera cidadán. Calquera concelleiro pode cometer unha falta administrativa e se actúa en consecuencia coma se foxe calquera outro cidadán.

Repítese que se trata dun asunto de competencia de alcaldía e van a rexeitar esta.

Sr. Gestido Porto: di que non será unha moción pero figura como tal na orde do día.

Sr. Alcalde: di que sexa unha moción, proposta ou rogo o equipo de goberno vai votar en contra.

Sr. Gestido Porto: indica que o concelleiro asume a responsabilidade da área de xuventude e se está a reir da Policía Local e de todos nós. O 31 de xaneiro de 2016 fíxose unha denuncia pola Policía Local e a partir de aí constan moitas máis denuncias pola Policía Local, a Garda Civil e varios veciños, tras esas nove denuncias non se sabe cal é a situación e ese concelleiro segue sendo responsable da área de mocidade e voluntariado.

Sra. Hermelo Piñeiro: cre que ningún membro da corporación pode pensar que está por enriba de calquera cidadán. Cre que o problema co local do Sr. García Bastón ten fácil solución se se amplía a licenza do local debidamente e pide que así se faga, os concelleiros deben ser os primeiros en cumprir a lei e dar exemplo á cidadanía. Non va a apoiar esta moción e pide ao Sr. García Bastón que sexa respectuoso coa lei.

Sr. Alcalde: está de acordo co afirmado pola Sra. Hermelo Piñeiro e indica que os expedientes contra o local do Sr. García Bastón serán tramitados coma as do resto dos locais.

VOTACIÓN DA MOCIÓN E ACORDO:



Concello de Cangas

Votos en contra: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE)

Votos a favor: 1 de Cangas Decide

Abstencións: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a moción transcrita anteriormente.

6, Expediente 1100/2017. Moción PP Museo do Mar Bernardino Graña

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9

En contra: 11

Abstencións: 1

Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 09.02.2017, relativa ao Museo do Mar Bernardino Graña, que é como segue:

“José Enrique Sotelo Villar , como voceiro do Grupo Municipal do PP, presenta para o seu debate e aprobación si procede polo Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

Na pasada Lexislatura houbo distintas iniciativas para recoñecer a figura de Bernardino Graña , insigne poeta nado en Cangas que nas súas obras cantou o Mar, a Cangas e os seus mariñeiros (Oda aos mariñeiros de Cangas, Mar, Febre no Mar, Sempre Mar, Lázaro Mariñeiro , Emigrantes no Mar, Poema de Tío Emilio; mariñeiro de Cangas, Canción para ir ao mar de pesca ...) propostas desde a oposición (Hoxe goberno) que foron aprobadas por unanimidade da Corporación

Desde crear unha Fundación ata recuperar a nave de Córdoba, antiga fábrica de caixas de madeira, así no 2014 tramítase diante da D. X. de Costas a solicitude da desafectación da citada nave mediante un anteproxecto do arquitecto César Pórtela denominado "Museo do Mar de Cangas Bernardino Graña.

Entendíamos, e entendemos que o conxunto edificatorio coñecido como "As Naves de Ojea ", constitúen un feito urbanístico-arquitectónico singular e de suma importancia para a Vila de Cangas pola súa situación, escala, tipoloxía e o seu significado. A data de hoxe só temos constancia da autorización para o uso en precario por parte do Concello da citada nave.

Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :

- Instar ao actual Goberno Municipal a que acade coa D.X. de Costas un acordo definitivo para poder levar a cabo o proxecto do arquitecto César Portela dnominado MUSEO DO MAR DE CANGAS BERNARDINO GRAÑA.

- Reservar dentro do Plan Concellos 2017 unha partida para iniciar a execución de dita

Concello de Cangas



obra.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Sotelo Villar: explica o contido da moción. Lembra que houbo un acordo plenario unánime polo que se solicitou a desafectación da zona onde están ubicadas as naves de Ojea e os xardíns do Señal. Pide que o equipo de goberno trate de por en movemento este proxecto.

Sr. Abalo Costa: indica que desde Madrid poñen problemas en ceder esa área ao concello, porque hai outras concesións e ata que non finalicen tales concesións ou se atopen outras solucións non parece viable que se autorice a desafectación a favor do concello.

Sr. Mera Herbello: di que está conforme co contido da moción. Indica que a data de hoxe non hai asinado ningún protocolo para desenvolver este proxecto con outras administracións e que o concello non pode facer fronte a este proxecto con fondos propios.

Sinala que dentro do proxecto reservouse unha área para imaxinería relixiosa, co cal non está de acordo. Di que apoiará o punto primeiro da moción, pero non o punto segundo. Di que fai pouco propuxo que a Casa da Cultura pase a chamarse Bernardino Graña e a parte segunda se adique ao seu legado, xa que é unha proposta realista e viable. Aos poucos días desta proposta o PP presentou esta moción que agora mesmo non parece factible. Si se atopa unha saída para desenvolver o proxecto do Museo do Mar terá todo o seu apoio tratando que sexa un proxecto menos ecléctico.

Sr. Alcalde: indica que a liña da Deputación só permite obras en inmobles de titularidade municipal.

Sr. Sotelo Villar: di que se están a cometer obras en inmobles que non son de titularidade municipal, coma é o caso do campo do Alondras.

Sinala que se decide que non se adique un espazo dentro do museo ás confrarías non hai ningún problema, a motivación da moción e outra. Lembra que hai un acordo unánime do pleno para adxudicar as naves a un museo adicado a Bernardino Graña. Indica que foi Costas que esixiu que se denominase Museo do Mar. Di que non ten problema en modificar o punto segundo, incluíndo a outras administracións públicas ademais de á Deputación. Pide o apoio unánime do Pleno.

VOTACIÓN DA MOCIÓN E ACORDO:

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos a favor: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE)

Abstencións: 1 de Cangas Decide

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a moción transcrita anteriormente.

7. Expediente 1102/2017. Moción PP perda aera praia Rodeira



Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 20

En contra: 0

Abstencións: 1

Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 09.02.2017, relativa a perda de area na Praia de Rodeira, que é como segue:

*“José Enrique Sotelo Villar , como voceiro do Grupo Municipal do PP , presenta para os eu debate e aprobación si procede polo Pleno da Corporación a seguinte **MOCION:***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

Periodicamente a Praia de Rodeira sofre debido aos temporais, unha importante perda de area que se acumula no aparcadorio do entorno da Casa da Cultura, paseo e mesmo como sucedeu fai uns días, cruza a Estrada PO-551.

Ademáis do dano ambiental que se produce, ao noso entender resulta un perigo para a circulación por dito tramo de estrada .(A data de hoxe aínda se pode comprobar a existencia de parte de dita area, tanto na estrada como no aparcadoiro)

No ano 2015 presentouse diante da Xefatura Provincial de Costas un proxecto para evitar esta situación sen que a data de hoxe se coñeza se tomara algunha medida para solucionar este tema que se repite practicamente con periodicidade anual.

*Por todo elo efectuamos a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO :***

- O Pleno do Concello de Cangas insta á Xefatura Provincial de Costas a que en coordinación co concello, elabore para evitar que se repita como consecuencia dos temporais a perda de area da Praia de Rodeira.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: explica o contido da moción e dá lectura á proposta de acordo.

Sra. Giráldez Santos: di que apoiarán a moción, pero non tal e como está redactada. A praia de Rodeira está a sufrir un deterioro día tras día, e pide que antes de que se elabore este proxecto Costas elabore un estudo medioambiental que se presente ante o concello. Presenta unha engádegas á moción que literalmente dí:

“O Pleno do Concello de Cangas insta á Xefatura Provincial de Costas a que en coordinación co concello, elabore e presente un estudo medioambiental previo á redacción dun proxecto para evitar que se repita como consecuencia dos temporais a perda de area da Praia de Rodeira.”



Sra. Castro Paredes: explica que o principal problema é o movemento natural da area do espazo dunar o que implica unha perda de area, se ben a praia en si non está sufrindo o problema é a duna que está debaixo do paseo. Por esta situación cre que é moi necesario que se realice un estudo medioambiental que determine que medidas son máis convenientes adoptar.

Sr. Graña Graña: cre que a praia si sofre desde o momento en que ten area. Indica que o estudo de impacto ambiental é unha parte esencial do proxecto. Suliña que a moción xa indica que a proposta deberá realizarse en coordinación co concello. Cre que é unha redundancia, pero admite o engadido proposto polo equipo de goberno.

VOTACIÓN DA MOCIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 20 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE)

Abstencións: 1 de Cangas Decide

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar a moción transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Cangas insta á Xefatura Provincial de Costas a que en coordinación co concello, elabore e presente un estudo medioambiental previo á redacción dun proxecto para evitar que se repita como consecuencia dos temporais a perda de area da Praia de Rodeira.

8. Expediente 1103/2017. Moción PP liña 3 Plan Concellos 2017

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8

En contra: 11

Abstencións: 2

Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 10.02.2017, relativa á liña 3 Plan Concellos 2017, que é como segue:

*“Dolores Hermelo Piñeiro , Concelleira do Grupo Municipal do PP , presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN** :*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

Pola prensa enterémonos que o Concello a diferenza de outros anos, non solicita dentro do Plan Concellos 2017 a máxima cantidade que lle corresponde da liña 3 dedicada ao emprego, é dicir o 22,5 % da cantidade total. (serían 245.030,238 € dun total de 1.089.023,28 €).

En dita noticia aparece que solicitan case 200.000 € e que o Concello tería que aportar 140.000€. É dicir solicitan case que 50.000 € menos do que podían, o que demostra unha vez mais a profunda preocupación polo emprego do actual goberno, polo menos parte del, pois



hai que lembrar que para equipar igual salario a igual emprego, a proposta efectuada polo Grupo de ASPUN, foi aprobada eos votos do citado Grupo e do PP (non apoiada polo resto do equipo de goberno como se fai referencia na noticia)

Ao noso entender non se poden amparar na cantidade que terían que aportar (Minten para 29 traballadores seis meses, o Concello aportaría en torno a 90.000 € non 140.000€ como se di) pois hai exemplos dabondo onde se malgastan unhas veces despilfarrando e outras por incapacidade na xestión, moitos centos de miles de euros sen que se ruborizen, e sen embargo racanean en cuestións como esta onde tódalas Administracións se deben implicar.

Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :

O Pleno da Corporación de Cangas insta ao Equipo de Goberno, a que solicite dentro da liña 3 do Plan Concellos 2017 a contía máxima (é dicir o 22,5% da cantidade total) para que se contrate o número máximo de traballadores o que segundo as bases da citada convocatoria ten dereito.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Hermelo Piñeiro: explica o obxecto da moción, sulíña que o emprego é fundamental para o desenvolvemento da vila, pero non entende que desde o goberno municipal non se solicite con cargo á liña 3 do Plan de Concello a contía máxima e pide que se faga un esforzo económico desde o concello para sumir os 45.000 euros derivados do 30% salarial de aportación municipal.

Sra. Vizoso Marcos: Di que a moción está fóra de prazo porque o concello xa fixo a solicitude desta liña á Deputación.

Sra. Hermelo Piñeiro: pregunta se non é posible facer unha modificación na solicitude, non entende que non se faga un maior esforzo en materia de emprego.

Sr. Abalo Costa: indica que o problema é que a Deputación estea polo medio, xa que debería ser o Concello quen xestionara directamente o Plan de Emprego.

VOTACIÓN DA MOCIÓN E ACORDO:

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos a favor: 8 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP)

Abstencións: 2 (1 de Cangas Decide e 1 do PsdeG-PSOE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a moción transcrita anteriormente.

9. Expediente 1104/2017. Moción equipo goberno traslado persoas refuxiadas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo de goberno, presentada o día 15.02.2017, relativa ao traslado de persoas refuxiadas, que é como segue:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN O PLENO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS DO MORRAZO

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se virón obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación está poñendo ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e prever conflitos e situacións de urxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigacións internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado 22 de setembro cumpríase un ano desde que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de recolocación de urxencia para compartir a responsabilidade dos que solicitan asilo. Con todo, decenas de miles de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados e refuxiadas en condicións deplorables.

No caso de Grecia, só se cumpríu o 6% dos compromisos de recolocación. A este ritmo, tardaríanse 16 anos en cumprir os compromisos de recolocación. É unha vergonza que Europa non poida deixar de lado a política e resolver esta crise humanitaria compartindo equitativamente a responsabilidade dun número relativamente pequeno de persoas refuxiadas.

No caso de España, as cifras falan por si soas. En setembro de 2015, España comprometeuse a recolocar a 15,888 persoas procedentes de Grecia en Italia, das que, a 16 de xaneiro de 2017, chegaron 690 persoas. Por outra banda, no primeiro trimestre de 2016, o noso país comprometeuse a reasentar a 1,449 persoas, das cales, a 16 de xaneiro de 2017, chegaron 289 persoas.

É dicir, máis dun ano logo destes compromisos, España acolleu a 979 persoas. Unha cifra moi afastada das 17.337 persoas que o goberno se comprometeu a acoller.

Tendo en conta o anterior, o Concello de Cangas do Morrazo aptobar os seguintes acordos

- Instar ao Goberno central a axilizar de xeito significativo o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento.*
- Instar ao Goberno Central de cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa UE de acoller a 17 337 persoas.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: pregunta se desde o concello se fixo algo nesta materia.



Sr. Alcalde: di que desde os Servizos Sociais se fixeron xestións e se obtivo a cesión dun piso para acoller unha familia, pero o concello non ten competencia para xestionar a recepción dos refuxiados, xa que iso é unha competencia estatal.

Sra. Gallego Santos: cre que ante unha crise humanitaria tan grave debe actuarse de inmediato e tamén pide que desde o goberno se actúe xa.

Incidencias:

Cando son as 22 horas e 49 minutos, abandona o Salón de Sesiões o Sr. Alcalde exercendo a Presidencia a primeira tenente de alcalde, Sra. Giráldez Santos.

10. Expediente 1105/2017. Moción PSOE s/ temporais e as súas consecuencias

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, presentada o día 15.02.2017, relativa aos temporais e as súas consecuencias, que é como segue:

“Moción que presenta o grupo socialista do Concello de Cangas referente aos temporais e as súas consecuencias.

Alfredo Iglesias Santos, Concelleiro-portavoz do partido socialista de Galicia-Psoe no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:

Exposición de motivos.

Vimos de sufrir nos últimos días os danos e consecuencias dun tren de borrascas convertidas en verdadeiros temporais que azoutaron os nosos pobos con fortes ventos e choivas torrenciais.

E de novo, a falla de previsión da Xunta de Galicia, que un ano mais, nin limpou as canles dos ríos nin fixo labores de prevención ante os temporais que todos os anos se producen na Nosa Terra, deixou un interminable rego de danos tanto públicos como privados.

É evidente que a Xunta de Galicia nin asume as súas responsabilidades, nin explica os motivos que lle levan a permitir que esta situación de emerxencia se repita ano tras ano.

Por iso, debemos esixirlle que de unha vez por todas habilite fondos suficientes para facer fronte a todos estes danos, e que se busque, en coordinación coa FEGAMP, un protocolo de actuación ante situacións de emerxencias, que estableza os mecanismos necesarios para determinar como se valoran os danos, que organismo autonómico debe asumilos e como deben proceder os afectados para a súa reclamación. É dicir un protocolo de resposta e atención inmediata permanente no tempo.



E que as consecuencias dos últimos temporais foron moitas e graves na provincia de Pontevedra, onde os nosos veciños e veciñas virón como os seus servizos básicos sufriron todo tipo de problemas, sendo o mais problemático os continuos corte do subministro eléctrico.

Estes cortes deixaron en evidencia o que xa todos sabíamos, que os tendidos eléctricos moitas comarcas e en parroquias dos nos/os concellos teñen un mantemento moi baixo e necesitan dunha urxente renovación.

Temos claro que é moi urxente que a Consellaría de Industria impulse un estudo de mellora das instalacións eléctricas en todas as parroquias do noso Concello para acometer mais tarde as infraestruturas necesarias para evitar nun futuro situacións parecidas as dos últimos días.

Ao mesmo tempo, os servizos de consumo da Xunta de Galicia deberían abrir expedientes de oficio as compañías subministradoras de electricidade para establecer as correspondentes responsabilidades de cara ao establecemento das indemnizacións aos usuarios como acontece noutros servizos públicos como o transporte ou os de comunicacións.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes

ACORDOS:

1.- Instar á Xunta de Galicia e á administración do Estado a que, en coordinación coa FEGAMP, aprobe un protocolo de resposta, que estableza os mecanismos de atención e reclamación, ante calquera situación de emerxencia que se produza en Galicia.

2.- Instar á Xunta de Galicia a habilitar fondos suficientes para dar resposta aos danos provocados polos temporais nos espazos e servizos públicos, e que estes sexan repartidos entre os concellos de forma obxectiva.

3- Instar á Consellería de Industria a poñer en marcha un estudo das necesidades de mellora da infraestrutura eléctrica de todas a parroquias de Cangas.

4.- Instar á Consellería de Industria a mellorar xunto coas compañías subministradoras as liñas eléctricas do noso Municipio.

5.- Instar ao Instituto Galego de consumo á apertura de expedientes as compañías subministradoras para que os usuarios poidan reclamar as compensacións pola ausencia de subministración.

6.- Instar ao Instituto Galego de Consumo a que informe aos veciños de Cangas dos seus dereitos á hora de facer unha reclamación, organizando unha atención personalizada en colaboración coa FEGAMP co traslado dos técnicos de consumo ás instalacións municipais.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: explica o contido da moción e dá lectura á proposta de acordo que figura nesta.

Sr. Millán Blanco: sinala que na comisión informativa se falou de incluír tamén á Deputación



Provincial entre as administracións ás que se lles demanda a súa intervención. Indica que debe deixarse sen modificar o punto primeiro e incluír á Deputación no punto segundo. En canto ao punto terceiro indica que eses estudos están xa máis que feitos. Está de acordo cos puntos 4º e 5º e tamén no 6º. Pide que se complete o punto 2º co engadido da Deputación Provincial.

Sra. Giráldez Santos: explica que o BNG retirou unha moción nesta mesma materia que se retirou por ser un pleno moi cargado de asuntos. Indica que non hai forma de que se fagan as instalacións e renovacións necesarias no concello desde as administracións responsables. Cre que tamén é necesario establecer medidas sancionadoras contra as empresas subministradoras da luz, fronte aos seus abusos e déficits no servizo.

Propón engadir un punto nº 7 que diga o seguinte:

“7.- Esixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado destas e ás prestadoras de servizos de subministración eléctrica pola tardía e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.”

Incidencias:

Cando son as 22 horas e 58 minutos, incorpórase ao Salón de Sesións o Sr. Alcalde.

Sr. Iglesias Santos: admite os engadidos propostos polo Sr. Millán Blanco ao punto 2º e pola Sra. Giráldez Santos de engadir un punto 7º.

Sr. Abalo Costa: di que o problema de fondo é o poder das eléctricas que contratan a ex ministros.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integralmente a proposta consensuada presentada, sendo o seu texto definitivo o seguinte:

1.- Instar á Xunta de Galicia e á administración do Estado a que, en coordinación coa FEGAMP, aprobe un protocolo de resposta, que estableza os mecanismos de atención e reclamación, ante calquera situación de emerxencia que se produza en Galicia.

2.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a habilitar fondos suficientes para dar resposta aos danos provocados polos temporais nos espazos e servizos públicos, e que estes sexan repartidos entre os concellos de forma obxectiva.

3- Instar á Consellería de Industria a poñer en marcha un estudo das necesidades de mellora da infraestrutura eléctrica de todas as parroquias de Cangas.

4.- Instar á Consellería de Industria a mellorar xunto coas compañías subministradoras as liñas eléctricas do noso Municipio.

5.- Instar ao Instituto Galego de consumo á apertura de expedientes as compañías subministradoras para que os usuarios poidan reclamar as compensacións pola ausencia de subministración.

6.- Instar ao Instituto Galego de Consumo a que informe aos veciños de Cangas dos seus dereitos á hora de facer unha reclamación, organizando unha atención personalizada en



colaboración coa FEGAMP co traslado dos técnicos de consumo ás instalacións municipais.

7.- Esixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado destas e ás prestadoras de servizos de subministración eléctrica pola tardía e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

11. Expediente 1106/2017. Moción Cangas Decide revisión iluminación parroquias

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10

En contra: 11

Abstencións: 0

Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, presentada o día 15.02.2016, relativa a revisión da iluminación nas parroquias, que é como segue:

“D. José Luis Gestido Porto, concelleiro do Concello de Cangas e portavoz do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE, expoño:

Que despois de recibir varias queixas pola falta de iluminación en moitos puntos das parroquias do noso Concello, nas cales en moitos deles, só e necesaria a reposición das lamparas para poder solventar estas deficiencia de iluminación.

Para reducir prazos, xunto plano coa localización dos necesarios na parroquia de Coiro.

E polo que propoño:

- 1.- Programar unha revisión mensual da iluminación en todas as parroquias.
- 2.- A instalación máis urxente dos puntos donde estan as súas lámparas fundidas.
- 3.- Estudar a instalación de puntos de luz donde o requira.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: explica a razón pola que foi presentada esta moción que en realidade se trataba dunha proposta dirixida á concellería de servizos.

Agradece as medidas de reposición de puntos de luz na parroquia de Coiro realizada nas últimas semanas, pero cre que deberían adoptarse estas medidas pola concellería sen necesidade de moción ao respecto.

Sr. Soliño Costas: di que o que pide a moción xa debería estar a facerse, a realidade e que os pedimentos en materia de iluminación tardan ata 6 meses en ter resposta. Lembra as mocións presentadas polo PP en materia de iluminación fai máis de un ano e que seguen sen ter resposta.



Sr. Iglesias Santos: di que votará a favor.

Sra. Giráldez Santos: di que isto non é unha moción, pero non ten problema en sometelo a votación. Coincide en que o servizo de iluminación é moi deficitario, pero hai máis de 6.000 puntos de luz e só 3 persoas encargadas da electricidade pública de todo o concello. Recoñece que hai faios de organización na concellería no que se refire á recepción dos avisos e agradece que se lle fagan chegar as demandas das diferentes parroquias. Felicita aos electricistas municipais porque con só tres persoas manteñen o servizo da mellor maneira posible.

Debido a escaseza de medios persoais e materiais é necesario renovar o servizo de iluminación do término municipal con moita cautela, cuns estudos previos, por iso se fixo unha auditoría completa de todo o concello que se lle facilitará aos grupos da oposición para que sexan todos partícipes, para poñer todo da súa man para renovar a iluminación municipal.

Sr Gestido Porto: lembra que fai tres meses que os veciños de Cangas presentaron as demandas de iluminación na parroquia de Coiro e non foi ata que Cangas Decide presentou o escrito que a concellería de servizos actuou na zona.

Sr. Abalo Costa: cre que a Sra. Giráldez Santos presentou unha solución de alcalde e cre que debería debatirse sobre iso para atopar solución ao problema.

Sra. Giráldez Santos: explica que os electricistas visitan as parroquias na medida en que poden dentro dos seus horarios e tendo en conta o volumen de traballo que teñen. Di que votarán en contra.

VOTACIÓN DA MOCIÓN E ACORDO:

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 de Cangas Decide e 1 do PsdeG-PSOE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a moción transcrita anteriormente.

12. Expediente 1107/2017. Moción equipo goberno hospital Rebullón

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo de Goberno presentada o día 20.02.2017, relativa ao Hospital Rebullón, que é como segue:

“Moción que presentan os grupos municipais asinantes para instar á Xunta de Galicia a recuperación e utilización do antigo hospital do rebullon para sevizos sociosanitarios públicos



Exposición de motivos:

Sabido é que o edificio e entorno do Rebullón é un ben público situado no Concello de Mos e xestionado pola Xunta de Galicia.

O peche do antigo hospital do Rebullón, en xaneiro do 2016, cun total de 25.666 metros cadrados de construción, rodeado por 6 hectáreas de terra, supón ter un edificio con moitas posibilidades de uso, cunha ocupación actual de menos de 16.000 metros cadrados, fundamentalmente en anexos ao edificio principal: dependencias da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e Almacén de Historias Clínicas. O edificio Principal está destinado maiormente a almacenamento de mobiliario e equipamento sanitario en diferentes graos de conservación e unha mínima parte é a base da ambulancia medicalizada do 061.

O deterioro do Edificio e nontorno xa se observa e acrecentarase co paso do tempo se non se toman medidas de recuperación e uso activo deste importante recurso propiedade da Xunta de Galicia.

Existen carencias de servizos públicos sociosanitario tanto na Comarca como na Área Metropolitana que coa habilitación de este edificio poden satisfacer unha boa parte das necesidades se se destina a Residencia Pública para Maiores, Centro de Día, Centro de Atención á Muíler etc.

Este edificio público, está nun contorno natural moi agradable con numerosos espazos verdes, nun lugar tranquilo con amplo aparcadoiro, fácil acceso para a veciñanza da comarca polas seguintes características: ampla vía diante, tránsito do transporte público con paradas no próximo Alto de Puxeiros, e na proximidade dos pasos e cruces das Autovías A55, AP9, AG57; todo esa excelente accesibilidade facilitará o servizo público que nel se instaure.

Neste momento está pendente de definir o destino de este edificio; sobre ese aspecto o director da área de saúde de Vigo, Félix Rubial, manifestou cando se fíxo o traslado do Psiquiátrico o seguinte: "considero que é "a sociedade" quen debe decidir cal é o destino.."

Consideramos que é o momento de definir o destino e que a veciñanza non só do Concello de Mos, senón de toda a Área pode beneficiarse enormemente da implantación de servizos de atención pública sociosanitaria neste edificio e que calquera demora na recuperación (actualmente máis dun ano) dificultará e encarecerá a adecuación.

Por todo o anterior propomos ao pleno o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia a que en breve prazo leve a cabo a recuperación do antigo Hospital do Rebullón e organice a implantación de servizos sociosanitarios públicos que beneficien @ ceción@s da Comarca e de Galicia."

DELIBERACIÓNS:



Sr. Hermelo Álvarez: explica o contido da moción que busca apoiar un pedimento dos concelleiros do Concello de Mos.

Sr. Sotelo Villar: di que en Mos aprobouse un texto consensuado. Indica que sería necesario un estudo previo antes de determinar a qué se debe adicar o hospital do Rebullón, pero non vai votar en contra da moción, aínda que non entende que se traian mocións en apoio doutros concellos e se deixen para o vindeiro pleno mocións que afectan directamente a Cangas.

13. Expediente 1108/2017. Moción BNG apoio IXP ribeiras do Morrazo

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, do día 22.02.2017, relativa a apoio IXP ribeiras do Morrazo, que é como segue:

“MOCIÓN DE APOIO Á IXP RIBEIRAS DO MORRAZO

Aínda que o sector primario perdeu boa parte do seu peso no PIB galego, el segue a ser nun dos eixos básicos da nosa economía. Dentro del, o vitivinícola ocupa un papel preponderante o mesmo polo seu volume como polo esforzo de modernización que leva feito nos últimos anos, tanto na mellora do produto como da súa comercialización.

Nese proceso de modernización e mellora, a data do 7 de agosto de 2013 representa un fito na nosa comarca porque foi ese o día en que persoas representantes dos sectores da produción, da elaboración e da comercialización dos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela e Vilaboia constituíronse como agrupación de produtores co obxectivo explícito de acadar o recoñecemento de Indicación Xeográfica Protexida.

Cun atraso de tres anos, a Xunta de Galiza completou o proceso que lle correspondía coa publicación da resolución de 16 de setembro de 2016 pola que se acepta a solicitude de rexistro da Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo.

Posteriormente, enviouse a documentación ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para ser tramitada diante da Unión Europea, no que, cando menos, é burocraticamente desesperante para as persoas e entidades promotoras da IXP e, a maiores, amosa as nulas competencias da Xunta de Galiza para defender os intereses do país no exterior.

De feito, diversos responsables da Xunta de Galiza comprometéronse a axilizar os trámites para o recoñecemento da IXP, axilización que se traduciu nos devanditos tres anos de agarda e que volveu converterse en parálise co envío da documentación a Madrid.



Poida que Madrid e Bruxelas non consideren de importancia a nosa produción de viños, mais para nós, galegas e galegos, si o é porque nos atopamos diante dun proxecto de modernización do rural.

Arestora estamos case no límite temporal para que o 2017 poida ser o primeiro ano no que se produzan viños co recoñecemento da IXP Ribeiras do Morrazo polo que resulta imprescindible que a Unión Europea, aínda que só sexa por unha vez, atenda os intereses de Galiza e complete os trámites necesarios para producir e comercializar o noso viño nas mellores condicións.

Xa que logo, e sendo ben coñecido o desleixo da Unión Europea co sector primario galego, o Pleno do Concello de Cangas adopta o seguinte:

ACORDO:

- 1.- Reiterar o apoio deste Pleno ao recoñecemento da indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo, para os viños producidos nos concellos de Pontevedra, Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Redondela e Vilaboa mediante a colaboración coa Agrupación de Productores e a implementación de campañas de difusión.*
- 2.- Esixir á Unión Europea a máxima celeridade no recoñecemento definitivo da indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo.*
- 3.- Reclamar ao Goberno de España que asuma como prioritario o recoñecemento desta IXP e actúe en consecuencia diante da Unión Europea.”*

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giráldez Santos: explica o contido da moción e as propostas de acordo que se recollen nesta.

Sr. Millán Blanco: di que apoiarán a moción, reiterando o apoio a este colectivo e ás demandas á Unión Europea. Lembra que foi no ano 2014 cando se iniciou a traballar no recoñecemento da indicación xeográfica protexida e no 2016 fou aprobada pola Consellería de Medio Rural que o remitíu en novembro de 2016 ao Ministerio e de aí á Unión Europea. Repite que apoiarán totalmente esta iniciativa.

Sr. Iglesias Santos: di que apoiarán a moción.

14. Expediente 1110/2017. Proposta Alcaldía xubilación traballadores do mar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, relativa á xubilación dos traballadores do mar, que é como segue:

“**PROPOSTA DE ALCALDÍA**



Vista a proposta de moción presentada en data 15.02.2017 (Rex. Núm. 1579) polo Movemento Galego en Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN), relativa a situación das pensións de xubilación dos traballadores do mar, tras a decisión adoptada en setembro de 2016 do Instituto Social da Mariña que afecta ao cálculo dos coeficientes reductores para a idade de xubilación dos mariñeiros galegos.

PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- *Instar aos gobernos galego e español:*

- *A que comecen antes da publicación do regulamento europeo, en febreiro de 2018, tal e como recomenda a Comisión Europea, a adecuar os coeficientes reductores da idade de xubilación ás características da actividade actual da flota galega e non ás características dos buques.*

- *A que dita reforma en coeficientes sexa de aplicación desde 01.01.2016, momento no cal comezan a existir as discriminacións entre mariñeiros nas súas solicitudes e se inician as diferentes reclamacións ao Goberno español.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: *explica que esta proposta ten por obxecto o apoio á demanda do Movemento Galego en Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN)”*

Incidencias:

Cando son as 23 horas e 30 minutos, suspéndese a sesión plenaria para que interveña o colectivo afectado.

Cando son as 23 horas e 35 minutos, retómase a sesión plenaria.

Sra Giráldez Santos: di que en outubro o Pleno aprobou unha moción similar por unanimidade e que apoiará totalmente esta moción. Fai referencia ao contido da moción aprobada en outubro que tiña un contido máis amplo e completa.

Sr. Millán Blanco: di que a moción que se presenta hoxe terá o apoio do PP.

Sr. Abalo Costa: sinala que haberá que insistir neste tema ata que se solucione.

15. Expediente 1111/2017. Proposta de alcaldía adhesión Alcaldes pola paz

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 06.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, relativa a adhesión Alcaldía pola Paz, que é como segue:

“Alcaldías pola Paz é unha rede de cidades que nace no ano 1982, promovida por Hiroshima e



Nagasaki, co obxectivo de promover unha demanda internacional para un mundo en paz e libre de armas nucleares. Esta plataforma foi crescendo co paso dos anos e actualmente, máis de 7.000 municipios de 161 países de todo o mundo expresaron o seu apoio ao programa que impulsa Mayors for Peace para conseguir a eliminación das armas nucleares en 2020, data na cúmprense 75 anos dos bombardeos atómicos de Hiroshima e Nagasaki. Uns 300 municipios españois xa están adheridos á Rede.

Alcaldías pola Paz foi recoñecida como ONG de Nacións Unidas e asignada ao Departamento de Información Pública en maio de 1991, alcanzando con posterioridade a categoría de ONG con status consultivo, sendo rexistrada no Consello Económico e Social. Este crecemento da Plataforma posibilitou que os obxectivos que conducen a un mundo en paz se diversifiquen e que o concepto de paz tome unha dimensión propia máis aló da desaparición das armas nucleares.

Neste sentido, a progresiva incorporación de cidades de países europeos e latinoamericanos á iniciativa ha ido enriquecendo os seus fins e favoreceu non só unha dimensión de paz entendida como a non-violencia e a ausencia de conflitos, senón tamén como o respecto aos dereitos humanos, a convivencia estable e a promoción dos valores vinculados coa xustiza social. Neste contexto no que os Gobernos Locais xogamos un papel crucial como actores principais, non só no escenario de prevención de conflitos, onde cada vez temos máis relevancia xunto aos Estados, senón tamén nos labores de reconstrución das cidades despois dos conflitos e na tarefa educativa ao redor da cultura de paz.

Así mesmo, a Axenda 2030 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, compoñentes centrais da paz, pon de relevo como o fin da pobreza, a protección do planeta e o logro dunha prosperidade amplamente compartida son factores que contribúen á harmonía global. O Obxectivo 16 céntrase especificamente en cuestións de «Paz, xustiza e institucións sólidas». Aínda que a paz subxace como fío condutor en todos e cada un dos 17 Obxectivos.

Os retos actuais expostos pola pobreza, a fame, a diminución dos recursos naturais, a escaseza de auga, a desigualdade social, a degradación ambiental, as enfermidades, a corrupción, o racismo e a xenofobia, entre outros factores, supoñen un desafío para a paz e xeran un terreo fértil para o xurdimento de conflitos. El desenvolvemento sustentable contribúe de maneira decisiva a disipar e eliminar estas causas de conflito, ademais de sentar as bases para unha paz duradeira. A paz, á súa vez, consolida as condicións requiridas para o desenvolvemento sustentable e mobiliza os recursos necesarios que permiten ás sociedades desenvolverse e prosperar. As cidades e os pobos son o fogar común de millóns de persoas, e as institucións que as gobernan poden ter un papel clave na consecución dos devanditos obxectivos.

Son múltiples as formas en que os Gobernos Locais podemos colaborar na construción da paz e, neste sentido, a Diplomacia de Cidades engloba unha parte importante delas. Así, a Diplomacia de Cidades foi definida polo Comité das Rexións como o "instrumento a través do cal os Gobernos Locais e os seus órganos poden fomentar a escala mundial a cohesión social, o medio ambiente sustentable, a prevención da crise, a resolución de conflitos, así como o labor de reconstrución despois dos conflitos, e todo iso co obxectivo de crear unha contorna estable no cal os cidadáns poidan coexistir en paz nun clima de democracia, progreso e prosperidade" [DOUF C 120/01, 28.5.2009].

Cada vez resulta máis habitual que un Goberno Local que o necesite solicite apoio a outros Gobernos Locais para que lle axuden a resolver os problemas derivados dunha situación de conflito. Ao tratarse do nivel da administración máis próxima ao cidadán, os Gobernos Locais



sentimos na obrigaón de crear e manter unha contorna pacífica e segura para o seu uso e goce por parte daquel.

A diferenza da diplomacia nacional, que ten como obxectivo resolver problemas políticos entre estados, a diplomacia entre cidades directamente actúa en beneficio dos cidadáns. Nunha situación de conflito, as administracións locais temos maior capacidade que os gobernos e as organizacións internacionais para mobilizar a unha gran variedade de persoas con circunstancias distintas, incluídos os representantes das minorías, fomentando o diálogo e a comprensión entre persoas máis aló das fronteiras. As posibilidades que se ofrecen desde os gobernos locais nos ámbitos da resolución de conflitos e a reconstrución postconflicto foron amplamente recoñecidas no escenario internacional.

A FEMP veu participando na estratexia de diplomacia de cidades e construción de paz de Cidades e Gobernos Locais Unidos (CGLU) na que Alcaldías pola Paz converteuse nun socio indispensable en asuntos tan relevantes como o desenvolvemento, a cultura de paz, as migracións, a convivencia e o diálogo intercultural. España, a través de moitas das súas cidades, foi exemplo en todo o mundo de como traballar a favor da paz, e como esa loita contou sempre co compromiso da cidadanía española.

No momento presente, os desafíos aos que o mundo se enfrenta deben contar coa alianza de todos os actores con responsabilidade para alcanzar un mundo en paz. A colaboración no seo da rede de Alcaldes pola Paz permite compartir recursos e experiencias e dar voz aos municipios nos ámbitos internacionais sobre os grandes temas que afectan á humanidade.

Por todo o exposto esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Manifestar o apoio aos obxectivos de Alcaldías pola Paz e levar a cabo os trámites necesarios para a adhesión á rede internacional.

Segundo.- Difundir e contribuír a un mellor coñecemento entre a cidadanía do traballo levado a cabo en favor da Paz de Cidades e Gobernos locais e de Alcaldías pola Paz.

Terceiro.- Animar aos alcaldes e alcaldesas doutras poboacións a sumarse á rede.

Cuarto.- Cooperar entre vos membros da rede en actuacións conxuntas en favor da cultura de paz.

Quinto.- Comunicar a adopción destes acordos ao Parlamento español, á Secretaría Internacional de Mayors for Peace en Hiroshima e á Federación Española de Municipios e Provincias.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: explica que a proposta foi remitida polo movemento “Alcaldías pola Paz” e dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Hermelo Álvarez: cre que mentres non haxa lingüase inclusiva non haberá paz polo que pide que a proposta se inclúa na acta corrixida.



Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA DO CUARTO TRIMESTRE 2016

O Concello Pleno quedou informado da Conta da Execución Presupostaria do Cuarto Trimestre 2016

DACIÓN DE CONTA DO SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE, CUARTO TRIMESTRE 2016

O Concello Pleno quedou informado da Conta do Seguimento do Plan de Axuste, cuarto trimestre

DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONTE AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCIZO 2016

O Concello Pleno quedou informado da Conta do Informe de Morosidade e Período Medio de Pago, correspondente ao cuarto trimestre do Exercizo 2016

DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2016/17

O Concello Pleno queda informado da Conta de remisión ao Ministerio de Facenda do Plan Económico Financeiro 2016/17

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA DITADAS DESDE O 25 DE XANEIRO AO 6 MARZO DO 2017

O Concello Pleno quedou informado das Resolucións da Alcaldía ditadas desde o 25 de xaneiro ao 6 de marzo de 2017.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

- Sr. Millán Blanco: indica que na sede electrónica non incluían as resolucións de alcaldía.
- Sr. Alcalde: di que o libro electrónico de decretos se activará o luns 13 de marzo.
- Sr. Iglesias Santos: pide que se restrinxa o uso do tempo por grupo e punto a 30 segundos.
- Sr. Soliño Costas: indica que no palco de música da Alameda Vella hai unha base de enchufes en mal estado que pode ser perigoso e pide que se arranxe.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- Sra. Gallego Santos: pide que se axilicen os trámites para garantir o acceso á sede electrónica.
- Sr. Graña Graña: di que na rúa Enseñanza, xunto ao colexio hai un sinal para aparcameto de minusválidos que está colocada en sentido contrario, pide que se corrixa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850